



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "TÁBOAS INPUT-OUTPUT DA PESCA-CONSERVA GALEGA 2025" (TIOGAL-25)

En Santiago de Compostela, 6 de xaneiro de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dna. Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, de 4 de xuño (DOG n.º 106 de 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, polo que se lle nomea para tal cargo, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Consellería do Mar (en diante a Consellería) é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias en materia de ordenación e fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación de produtos do mar no ámbito de Galicia, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que de acordo ao establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución de actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica nas comunidades pesqueiras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e outro material científico e didáctico.

Que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro forma parte da Consellería do Mar, de acordo co aludido decreto de estrutura orgánica, e exerce as funcións de ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sostible dos recursos marisqueiros, así como a investigación mariña, que se desenvolve en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

SEGUNDO

Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante a USC) é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución dos seus fins e o



desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución Española e a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e que ten como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a súa transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, esta universidade mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promove a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

TERCEIRO

Que a Consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten en marcha actividades de investigación e divulgación sobre o mar e a pesca orientadas ao coñecemento da realidade socioeconómica da pesca galega nas que é preciso contar cunhas ferramentas máis precisas para medir a importancia da pesca para Galicia e para difundir os resultados para o coñecemento da sociedade e do propio sector.

Que na consecución deste obxectivo as táboas Input-Output da pesca-conserva galega constitúen un dos mellores instrumentos para dimensionar a importancia e a realidade do sector por canto miden a súa dimensión e a súa relación con outros sectores da economía.

Que as citadas táboas foron elaboradas nos anos 1995, 1999, 2011 e 2019 polo que dado o tempo transcorrido dende a elaboración das últimas, faise evidente que estas non reflicten a realidade actual da pesca en Galicia dados os importantes cambios cualitativos e operativos operados a partir do 2011.

Faise necesario actualizar esa ferramenta, elaborando unhas táboas que recollan a realidade no ano 2025 e que ademais proporcionen unha información de carácter global que poida apoiar a posición da Comunidade Autónoma de Galicia ante a Unión Europea.

Que a metodoloxía de elaboración destas táboas é moi especial e específica e require de coñecementos e experiencia para que a confección das mesmas acade e achegue os resultados esperados, polo que se fai necesario contar con equipos que reúnan estas características.

Que a USC, ten entre as súas finalidades a investigación en todas aquelas áreas que lle concirnen e na elaboración de estudos e traballos que permitan un mellor coñecemento da realidade social e económica de Galicia.

Que na usc está integrada a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais que conta con equipos moi especializados na materia relativa á economía pesqueira, que ademais reúnen os coñecementos e a experiencia necesaria para realizar con éxito a elaboración das mencionadas táboas. Que unha das finalidades de dita Facultade é acadar un mellor coñecemento da realidade económica de Galicia e, consecuentemente, realiza numerosos traballos de investigación e estudo en dita materia, polo que a elaboración das táboas Input-Output da pesca galega constitúe un interese esencial ao ser o sector pesqueiro un dos máis importantes da economía galega.

Que a USC é a única que conta con equipos que xa elaboraron este tipo de táboas para a pesca galega o que permite garantir unha comparación coas anteriores coa máxima coherencia metodolóxica.

Que o interese público, social e económico das táboas Input-Output reside na utilidade que as mesmas representan para os diversos axentes económicos que teñen interese no sector pesqueiro



de Galicia, xa sexan empresas, corporacións de dereito público (confrarías), asociacións de armadores e tamén as diferentes Administracións Públicas.

Que as citadas táboas relativas tanto á pesca como ao sector conserveiro de Galicia son unha importante ferramenta de análise económico de carácter sectorial indispensable para o coñecemento da súa realidade económica e das súas relacións de interdependencia con outros sectores da economía.

Que contar con ese tipo de ferramenta debidamente actualizada é fundamental tanto para a propia consellería como para o resto das Administracións Públicas e, en xeral, para toda a sociedade galega e resulta de interese xeral para a planificación e a toma de decisións nos diferentes ámbitos subsectoriais da pesca.

Que por todo o exposto e dada a concorrencia de intereses e obxectivos comúns e as especificidades que concorren, faise necesario acudir á figura do convenio de colaboración regulado no artigo 14 da Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico e nos artigos 47 e ss da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actuacións e traballos necesarios para elaborar as táboas Input-output da pesca-conserva galega 2025 (en adiante táboas), de conformidade co establecido no plan de traballo que se inclúe no Anexo I.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Consellería, o través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións deste convenio.

A USC comprométese a realizar as actuacións de recompilación, investigación e estudo para elaborar as táboas, tales como: recollida de datos e información, análise da mesma, elaboración, redacción e maquetación das táboas, así como a entrega de dous exemplares en formato papel e copia do mesmo en soporte dixital, este último en lingua galega cunha versión traducida ao castelán.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, participará no financiamento do obxecto do convenio cunha achega de cento trinta e dous mil cento dzaoitos euros con noventa e sete e céntimos (132.118,97 €), para as anualidades 2026 (66.549,11 €) e 2027 (65.569,86 €) segundo se recolle no Anexo II, e que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.722A.640.2, código proxecto 2015 00591, do proxecto de Lei de orzamentos xerais desta comunidade autónoma para o ano 2026, aprobado no Consello Extraordinario do Consello da Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2025.



Este convenio tramítase como un expediente anticipado de gasto, de conformidade co previsto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, que posibilita a tramitación anticipada de expedientes de gasto no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, aínda cando a súa execución se realice nunha ou varias anualidades, e a súa aprobación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do convenio no exercicio 2026

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGO

O importe que a Consellería achegará ten como destino a compensación dos custos nos que incorre a USC, polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

Con respecto á xustificación dos pagamentos, a USC achegará a seguinte documentación **antes do 5 de decembro de cada anualidade:**

1. Certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Deberase entregar folla de cálculo e pdf asinado dos gastos e dos pagamentos con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos.

2. Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste convenio, co desglose do gasto de cada concepto, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante.

En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

En dita xustificación permitirase unha transferencia de fondos entre os conceptos de gasto establecidos de ata un 20 %, sen necesidade de previa conformidade, co límite do importe do 20% do gasto ao que se transfire. Esta regra non será aplicable ao concepto de persoal.

3. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e procedencia (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).

4. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Sen prexuízo da documentación sinalada con anterioridade, poderá ser requirida a achega dos informes, datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.



En relación á fórmula de pagamento, os pagamentos realizados no mes de decembro da anualidade 2026 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación. No caso da última anualidade 2027, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, os pagamentos da anualidade 2027 deberán xustificarse dentro do prazo de xustificación da dita anualidade 2027.

Así mesmo, os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas de decembro e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade 2026 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade 2027. Igualmente, no caso da última anualidade 2027, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, os pagamentos das nóminas e da seguridade social das mensualidades da anualidade 2027 deberán xustificarse dentro do prazo de xustificación da anualidade 2027.

Previo ao aboamento que corresponda, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar comprobará a xustificación dos pagamentos presentada e certificará que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente convenio.

As cantidades xustificadas faranse efectivas mediante transferencia bancaria na conta aberta a nome da USC que esta indique e certifique, e previa conformidade do ordenante do pago.

QUINTA. - DA PROPIEDAD DOS DATOS E DA DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

A Consellería e a USC manterán a confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados do proxecto, sempre que non sexa de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido poio presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería e a USC. Unha vez executadas as investigacións descritas no convenio, comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas e os resultados das análises son froito do presente convenio. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por iso, a USC autoriza á Consellería para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que vaian realizar do mesmo se limite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente convenio, polo tempo que esta dure, e non induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre aquela parte e a USC nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da administración, e sen que, en ningún caso, se lles confira dereito algún de exclusividade, nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento.



Calquera outro tipo de uso ou dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente, requirirá a autorización previa e expresa, por escrito da USC.

Igualmente, a Consellería autoriza á USC para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da Consellería, serán membros: a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da Xefatura do Servizo de Coordinación e Apoio á Xestión.

Por parte da USC, serán membros: a persoa titular da Vicerreitoría responsable de Investigación ou persoa en quen delegue, e a persoa responsable do proxecto, Gonzalo Rodríguez Rodríguez.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terán carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na sección III, capítulo I do título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

SÉTIMA.- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor tras a súa sinatura por todas as partes e a súa duración estenderase ata o 31 de decembro de 2027, podendo os asinantes, en calquera momento antes da finalización da súa vixencia, acordar unanimemente a prórroga do dito convenio.

Este convenio será obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración galega.

OITAVA.- MODIFICACIÓN

As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

NOVENA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e outro persoal que vaian a desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO E CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causa de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.



- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

En caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula sexta para os efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, a parte afectada poderá entender extinguido o convenio e esixir á incumpridora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, se existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. O devandito prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Se se resolvese o convenio por incumprimento da USC, a Consellería pode, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.

UNDÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura do convenio suporá o consentimento expreso da USC á Administración da Xunta de Galicia para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DUODÉCIMA.- PUBLICACIÓNS

Nas publicacións das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexe utilizar, en parte ou na súa totalidade, dita información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron, así como a súa pertenza ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo financiador e deberase remitir copia.

No suposto de resultados susceptibles de protección, así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.



En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Este convenio ten carácter administrativo, rexeráse polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de convenios, previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de dereito administrativo.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula sexta, será sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio, constandingo como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

Reitor magnífico da USC



ANEXO I

Obxecto

Elaboración dunha Táboa Input-Output da Pesca-Conserva Galega 2025 (TIOGAL-25 en adiante) que recolla a actividade pesqueira galega partindo da definición conceptual da pesca galega como complexo industrial que integra a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura mariña, a conserva e os novos transformados, así como as depuradoras e o sector maiorista en orixe.

Adóptase como data de referencia para representar a estrutura produtiva do sector o ano 2025 e, como criterio metodolóxico, dar continuidade a estrutura empregada nas Táboas de 1995, 1999 2011 e 2019 a fin de garantir a comparabilidade dos datos e o estudo analóxico dos resultados ao tempo que se adapta a metodoloxía ás necesidades analíticas da política pesqueira actual.

O prazo de execución é un máximo de 24 meses contado a partir da sinatura do convenio e de acordo ao cronograma que se expón no apartado correspondente.

Marco metodolóxico

As primeiras Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas 1995 respondían aos retos existentes naquel momento, en particular, á necesidade de dispoñer de información socioeconómica fiable sobre a actividade pesqueira de Galicia. Na actualidade, á dispoñibilidade de datos engádeselle a capacidade de sustentar análises e consello científico de acordo aos retos da xestión pesqueira en Galicia, España e Europa. Isto se materializa en tres requirimentos adicionais:

- Mellora da capacidade de integración das táboas con outras fontes estatísticas, en particular, coas Táboas Input-Output de Galicia, a fin de proporcionar avaliacións máis complexas e precisas
- Capacidade de dispoñer da información en prazos cada vez máis breves.
- Capacidade de acoplarse a modelos de equilibrio xeral que permitan abordar conxuntamente análises de sustentabilidade económica, social e ambiental.
-

En definitiva supón o paso da descrición detallada á análise. En particular, o tipo de análises que se favorecen con este enfoque son:

- Multiplicadores sectoriais: impacto en produción, renda e emprego ante cambios na demanda final de produtos pesqueiros ou cambios nas posibilidades de pesca.
- Análise de encadeamento (upstream e downstream) para detectar pescozos de botella ou sectores panca.
- Modelos EGC (Equilibrio Xeral Computable) para avaliar reformas fiscais, cotas de captura ou choques de prezos internacionais
- Análise de pegada ambiental e enerxética vinculada a obxectivos de descarbonización simulacións de competitividade: aranceis, acordos comerciais, flutuación cambiaria.

Universo do estudo

O obxecto de estudo está constituído por 6 grandes subsectores produtivos cos seguintes cuestionarios diferenciados:

- 1 Pesca Extractiva
 - 1.1 Caladoiro Nacional
 - 1.2 Pesquerías Comunitarias



- 1.3 Pesquerías Internacionais
- 2 Minicultura
- 3 Industria procesado pescado
 - 3.1 Conserva e outros Transformados
 - 3.2 Depuración
- 4 Marisqueo
- 5 Piscicultura mariña
- 6 Sector comercializador por xunto

Colaboración da Consellería

Para o desenvolvemento deste novo marco resulta necesario estreitar a colaboración da Consellería do Mar na elaboración das táboas, en particular, no relativo a:

- Rexistro de buques
- Microdatos da estatística de descargas na lonxa
- Reforzamento do deber de colaboración dos enquisados nas enquisas públicas
- Mediación, si é o caso, con outras administracións para a dispoñibilidade de estatísticas

Etapas na elaboración da TIOGAL-25

Á hora de elaborar unhas táboas input-output deben desenvolverse unha serie de tarefas imprescindibles que delimitan as distintas etapas do traballo. Estas tarefas estrutúranse en catro fases que se corresponden con:

- Os traballos previos e básicos para a preparación e recollida de información
- A recollida directa e indirecta de información, control do proceso e resolución de problemas na compilación
- O procesado de información, preparación das táboas, depuración dos datos e estimación das magnitudes
- Redacción da publicación final con explicación de resultados para facilitar a usabilidade das táboas

En conxunto, estas tres fases supuxeron as seguintes etapas de traballo:



	Mes
1ª Revisión de posibilidades de aprendizaxe mellora a partir das táboas anteriores	1
2ª Construción /elaboración dun censo das unidades de produción	2
3ª Deseño da mostra e elaboración dos cuestionarios	3
4ª Peticións, xestión e recompilación das bases estatísticas necesarias	4-8
5ª Traballo de campo: conformación dos inquéritos	4-9
6ª Elaboración das táboas 2025	10-18
7ª Resultados preliminares: matrices TIOPC 2025 en excel	18
8ª Redacción da metodoloxía, comprobacións e corrección de erros.	19-20
9ª Redacción da análise de resultados e conclusións	21-22
10ª Revisión lingüística	23
11ª Entrega do documento definitivo para publicación	24

Equipa de traballo

Os traballos serán desenvolto pola equipa de investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais GI-1175 da USC. Os traballos estarán dirixidos como investigador responsable polo profesor Gonzalo Rodríguez Rodríguez.



ANEXO II : Orzamento

Orzamento desagregado

Concepto	2026	2027	TOTAL
Persoal investigador	33.469,92	33.525,74	66.995,66
Dirección	14.000,00	13.000,00	27.000,00
Dietas	4.000,00	4.000,00	8.000,00
Equipo técnico	2.000,00	2.000,00	4.000,00
Outros: estadísticas, servizos externos, etc	3.900,00	4.000,00	7.900,00
Subtotal	57.369,92	56.525,74	113.895,66
Custos indirectos (16%)	9.179,19	9.044,12	18.223,31
TOTAL	66.549,11	65.569,86	132.118,97